

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZAOITO DE SETEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as 21 horas 20 minutos do día dezaoto de setembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Acordo, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día once de setembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 1.610/07 de don José Manuel Moure Barreiro**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloque, postes e arame no lugar de Canicoba, de aproximadamente 50 mts de lonxitude.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, a distancia mínima para o cerramento será de 4,00 m de distancia dende o eixo do vial; respetaranse os lindes con outros propietario, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede

perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#)

## 2.2.- Instancia num. 1.549/07 de dona M<sup>a</sup> Carmen Barreiro López

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Cristovo de Merín, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda consistente en encintado de paredes no lugar de Cabanelas, de aproximadamente 140 m<sup>2</sup>.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volumen actual da edificación e as obras non afectarán a estrutura da vivenda.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e dous euros con oitenta e tres céntimos (#62,83#)

## 2.3.- Instancia num. 1552/07 de don Manuel Camino Lea

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para parcelación de finca, situada no lugar de Caldelas (Ponte Ulla), en solo cualificado como Solo de Núcleo Rural (N1) e como Solo de Expansión de Núcleo Rural (N2), de acordo co proxecto técnico presentado con data de visado 20 de agosto de 2007 e firmado por don Ramón Vieites Castiñeiras en calidade de Arquitecto .

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para a parcelación da leira descrita no proxecto mencionado, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

## 2.4.-Instancia num. 1328/07 de don Juan Torre Sánchez e dona Jesusa Vázquez Rendo, para tramitación autonómica.

Dáse conta da solicitude nº 1328/07 presentada por don Juan Torre Sánchez e dona Jesusa Vázquez Rendo, para OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DE BANCALES no lugar de Outeiro da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo. Dáse conta, así mesmo, da exposición ó público, por prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 2 de agosto de 2007, durante o que non se presentaron alegacións. Á vista do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ó Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial da C.P.T.O.P.e T, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.

### 3º.- Certificacións de obras

#### 3.1.- Certificación núm. 1 e única da obra *Afirmado e acondicionamento de pista en Iglesias-Vedra*

Dáse conta da certificación núm. 1 e única da obra *Afirmado e acondicionamento de pista en Iglesias-Vedra*, por importe de vinte e nove mil seiscientos sesenta e un euros con vinte e oito céntimos (#29.661,28#), sendo a empresa adxudicataria das mesmas Martínez Montes e Hijos, S.L e o director das mesmas don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

#### 3.2.- Certificación núm. 1 e única da obra *Afirmado e acondicionamento de pistas en Romarís-San Xián de Sales*

Dáse conta da certificación núm. 1 e única da obra *Afirmado e acondicionamento de pistas en Romarís-San Xián de Sales*, por importe de trinta e nove mil trescentos corenta e seis euros con trinta e tres céntimos (#39.346,33#), sendo a empresa adxudicataria das mesmas Martínez Montes e Hijos, S.L e o director das mesmas don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

#### 3.3.- Certificación num. 4 da obra *Campo de Fútbol de la Escuela Deportiva Rivadulla en Tomonde-Vedra*

Dáse conta da certificación num. 4 da obra *Campo de Fútbol de la Escuela Deportiva Ribadulla en Tomonde -Vedra (07.3240.0041.0) incluída no Plan Especial de Herba Artificial dos campos de fútbol municipais 2007*, adxudicada á empresa Calfensa Proyectos, S.L polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26/03/2007, por importe de seis mil douscentos vinte e nove euros con trinta e catro céntimos (#6.229,34#), sendo o director da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4º.- Acordo, se procede, sobre aprobación definitiva por parte do concello dos plans de seguridade e saúde.

4.1 Dáse conta do escrito presentado pola empresa Obras y Viales de Galicia, SL, OVIGA, empresa adxudicataria das obras incluídas no Plan de Cooperación Provincial 2007, sobre o informe favorable do coordinador de Seguridade e saúde don Javier García Méndez e aprobación definitiva dos plans de seguridade e saúde da obra "afirmado e acondicionamento de pistas en O Francés-Vilanova" incluída no Plan de Cooperación Provincial 2007 do Concello de Vedra.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente o plan de seguridade e saúde proposto para a dita obra.

4.2. Dáse conta do escrito presentado pola empresa Obras y Viales de Galicia, SL, OVIGA, empresa adxudicataria das obras incluídas no Plan de Cooperación Provincial 2007, sobre o informe favorable do coordinador de Seguridade e saúde don Javier García Méndez e aprobación definitiva dos plans de seguridade e saúde da obra "pista polideportiva no campo da festa de San Andrés de Trobe" incluída no Plan de Cooperación Provincial 2007 do Concello de Vedra.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente o plan de seguridade e saúde proposto para a dita obra.

#### **5º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de axudas.**

5.1.- Solicitude de subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais.


Dáse conta das bases da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais para o ano 2007 (DOG núm. 162/07, do 22 de agosto).

Ao abeiro desta convocatoria, a Xunta de Goberno acorda solicitar a dita subvención segundo a memoria e aceptar os termos da convocatoria.

#### **6º.- Comunicacions e escritos varios**

6.1.- Acordo, se procede, sobre a adxudicación do servizo de mantemento informático no Concello de Vedra.

Dáse conta das propostas presentadas polas empresas Sirtelco, SL, Compostel-FFERMEVI S.I.G., SL, Compunet Soluciones Informática e Infonet, para



o servizo de mantemento informático nas oficinas municipais, que ofertan os seguintes prezos polo servizo de avarias:

Sirtelco, SL: de catrocentas oitenta e catro euros mes (#484,00#) .

Compostel, SL: oitocentas sesenta e sete euros mes (#867,00#).

Compunet, SL: setecentos euros mes (#700,00#).

Infonet, SL: mil euros mes (#1.000,00#).

A Xunta de Goberno acorda adxudicar á empresa Sirtelco, SL o servizo de mantemento informático das oficinas municipais por considerala a oferta máis ventaxosa.

#### 6.2.- Escrito num. 1.655/07 de don Rogelio García Barreiro.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que é propietario do vehículo Mercedes 250, con matrícula 01-C-5557 e data de matriculación anterior ao ano 1972, polo que solicita a concesión da bonificación na cota tributaria do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establecida para os vehículos cunha antigüidade mínima de vinte e cinco anos.

A Xunta de Goberno, á vista da documentación presentada, e de acordo co establecido no artigo 9º.2 da ordenanza fiscal reguladora do citado imposto, acorda concederlle a bonificación do 100% da cota con efectos do 01/01/2008.

#### 6.3.- Escrito núm. 1604/07 da Asociación Cultural e de Festexos Virxe do Carme de Trobe.

Dáse conta do citado escrito no que don Juan Ferreiro Pérez, en representación da Asociación Cultural e de Festexos Virxe do Carmen de Trobe solicita unha axuda económica para compensar que a escola de música de Santa Cruz de Ribadulla non poidera actuar na parroquia de Trobe por no dispoñer de datas libre.

A Xunta de Goberno, acorda concederlle unha axuda de 600 euros que serán descontados á escola de música de Santa Cruz de Ribadulla do convenio anual.

#### 7º.- Outros Asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das 22 horas e 50 minutos

